

Festas da Madalena no Milladoiro

Pablo Vázquez

As Festas da Madalena do Milladoiro celebraranse desde hoxe e ata o martes 4 de agosto cun amplo programa de concertos, verbenas e actuacións tradicionais. A celebración forma parte de «Ames en Festas 2026», a iniciativa do Concello de Ames que reúne as principais citas festivas do verán: as festas da Madalena e as da Peregrina.

Venres 31 de xullo

O Milladoiro abrirá as festas co festival Millarock, que se desenvolverá na Travesía do Porto e no anfiteatro da localidade. María Vázquez, técnica do Departamento de Cultura, destaca a importancia desta cita: «É o punto de arranque. Trátase dun festival cunha longa traxectoria no que actuarán grupos locais e da contorna».

O evento contará coa participación de Tentáculo Rock, o grupo formado por catro rapaces do propio Ames, que gañou o concurso provincial Quero Cantar en abril de 2026. A continuación subirá ao escenario Extrema Función, unha banda de rock galega nacida na Escola de Música de Ames. Tras eles será a quenda de Familia Caamagno, grupo de rock and roll e pop procedente de Sigüeiro. Pecharán o festival Sr. Salvaje, formación de rock and roll de Santiago, e Factoría Subsistencia, grupo galego de rock alternativo.

O Millarock contará tamén coa participación de persoal da escola de música A Casa do Rock, que se encargará dos concertos didácticos e de impartir obradoiros musicais baixo o nome de «Merenda Rock».

Sábado 1 de agosto

A xornada do sábado comezará co pregón de apertura das festas e continuará cunha serie de concertos e actuacións ao longo do día. Entre elas destaca a da banda Gin Toni's, unha coñecida formación galega especializada en versións de pop-rock español. Tamén actuarán a discoteca mó-



Os membros de Tentáculo Rock durante unha das súas actuacións en directo.

A Madalena abre dez días de festa en Ames

O Millarock dará hoxe o pistoletazo de saída a unha programación na que destacan orquestras, grupos locais e propostas tradicionais

bil Son de Festa, co DJ Sonic, e Os Retanqueiros, grupo de baile e música tradicional orixinario de Ames.

Domingo 2 de agosto

A programación do domingo abrirase cunha sesión vermú e continuará con diferentes propostas musicais. Entre as actuacións previstas figuran

as da orquestra Capitol, a discoteca móbil Chocolate, o grupo de música tradicional Os Castros e a Banda de Música de Noia.

Luns 3 de agosto

A festa continuará o luns con actuacións como a do grupo Assia, unha coñecida orquestra asturiana. O pro-

A orquestra Olympus poñerá o broche de ouro ás Festas da Madalena

grama inclúe tamén a orquestra Impacto, Marcos Magán e o grupo de música tradicional Airiños do Paseo de Colón, orixinario de Bugallido.

Martes 4 de agosto

As festas pecharanse o martes 4 de agosto coa actuación da orquestra Olympus. Completarán a xornada o DJ compostelán Kike Varela e a discoteca móbil CDC.

A festa continúa en Ames

A programación de «Ames en Festas 2026» continuará coas Festas da Peregrina de Bertamiráns, que se celebrarán do 5 ao 9 de agosto. O programa inclúe Festival Emerxente, o xoves 6 no parque do Ameneiral, e a Romaría Urbana, o sábado 8.

A proposta complétase cunha ampla oferta musical na que figuran charangas, orquestras como París de Noia ou Suavecito e grupos como De Ninghures. As celebracións rematarán o domingo 9 de agosto. ■

Gracias por confiar en nós.
¡Disfrutemos xuntos das nosas festas!

VENTANAS DE PVC

INSTRUMENTOS DE COCCIÓN

INSTRUMENTOS DE ALUMINIO

INSTALACIÓN PROFESIONAL

981 53 67 68 | 658 814 390 | 619 01 92 36 | www.xagal.es

Preto de ti, todo o ano

HoSPICAN
Clínica veterinaria

HORARIO:
L-V: 10.30-13.30 h
17.00-20.30 h
S: 10.30-13.30 h

Tel.: 981 530 066
Urgencias: 607 539 066

Avda. Rosalía de Castro, 31 bajo
CP. 15895
Milladoiro - AMES

TALLERES BREA Y FUENTES

Chapa y pintura | Banco de pruebas
Cabina de pintura | Sistema de pintura al agua

Ts: 981 53 11 67 - 639 013 557
Rosalía de Castro, nº 20 • MILLADOIRO - AMES

Festas da Madalena no Milladoiro

Iker Cotón

O deporte será o gran protagonista do pregón das festas da Madalena deste ano. Como vén sendo habitual, o Concello de Ames organiza dous pregóns para as súas dúas celebracións consecutivas no Milladoiro e Bertami-ráns e pregoeiro elixido para abrir as festas na primeira das dúas urbes, mañá sábado 1 de agosto, é José Manuel Dacosta, presidente da SD Milladoiro. A noticia chegoulle por sorpresa, aínda que recoñece que «é unha honra e un orgullo tanto para min como para o club».

José Manuel, de 65 anos, dedica todas as horas que pode á súa paixón: o seu club. Xestiona 19 equipos nos que xogan un total de 323 nenos e nenas, aínda que recoñece que son os seus coordinadores e adestradores os que «están ao pé do canón todos os días nos campos de fútbol». A súa vinculación coa SD Milladoiro comeza co seu fillo. José Manuel levábao a adestrar e a xogar e, pouco a pouco, foise involucrando máis co club, no que xa leva 19 anos.

O motivo do nomeamento como pregoeiro é o éxito deportivo que acadou a SD a pasada tempada, pois no Milladoiro puideron celebrar no mesmo día o ascenso dos equipos xuvenís A e B, que se proclamaron campións de liga. En palabras do presidente: «Poder celebrar dous ascensos o mesmo e difícil, e foi unha alegría moi grande». Un fito histórico para o club obtido tras unha tempada na que o traballo duro demostrou dar os seus froitos: «O crece-

José Manuel Dacosta, pregoeiro na Madalena

Leva 19 anos vinculado coa SD Milladoiro, actualmente preside o club e a tempada pasada acadaron o ascenso co Xuvenil A e Xuvenil B



José Manuel Dacosta, presidente da SD Milladoiro, dará o pregón das festas da Madalena.

mento dos equipos chega por facer as cousas ben, aínda que nunca se fan ben de todo», bromea o pregoeiro.

José Manuel ten claro o obxectivo

do club: «Educar os nenos e ensinar-lles a xogar». De feito, O Milladoiro é unha das vilas que máis medra en po-boación de toda Galicia e unha das

que concentra unha maior proporción de nenos e xente nova

O colofón da tempada pasada co dobre ascenso foi, para Dacosta, o

momento máis emocionante na súa longa carreira como presidente da SD Milladoiro: «Viñéronme as bágoas aos ollos. Este é un club ao que quero moito». Outro momento que lembra con moito cariño foi o día que saíu elixido presidente, especialmente cando recibiu «o apoio de toda a xente do equipo».

O crecemento do club continúa. Recentemente, hai dous anos, funda-

«O máis importante que teño agora son este club e estes rapaces»

ron o primeiro conxunto feminino na categoría senior no concello de Ames. «Aquí hai moitas nenas que merecen as mesmas oportunidades para xogar». Con respecto ao futuro, o 'presi' teno claro: «Seguir medran-do, intentar gañar un ascenso e lograr a permanencia co Xuvenil. Ademais, gustárame subir o equipo Senior a Primeira Rexional».

Para rematar, José Manuel confesa que: «O máis importante que teño agora mesmo é este club e estes rapaces». Admite, emocionado, que o que lle fai seguir adiante é «ver como medran os nenos e ver o seu paso dende cando eran 'biberóns' ata agora, que xa teñen 16 ou 18 anos».

Con case vinte anos de dedicación á SD Milladoiro, José Manuel Dacosta afronta o pregón coa mesma ilusión coa que cada semana pisa os campos de fútbol. ■

Descanso pensado para ti

Nattex Compostela é unha empresa especializada en solucións de descanso, ofrecendo colchóns, canapés e complementos pensados para mellorar o confort e a calidade do sono.

www.nattexcompostela.es

Colchóns >

Bases >

Canapés >

Felices Fiestas

Rúa das Hedras 25B, O Milladoiro

Travesía do Porte s/n
MILLADOIRO
T. 981 538 406

- Racións
- Sandwiches
- Tostas

- Postres
- Hamburguesas
- Bocadillos

Rúa das Palmeiras, 83 B1
Pol. Ind. Novo Milladoiro - Ames
ventas@limpiezasgermania.es
T. 981 941 659

- Fábricas
- Industria alimentaria
- Sanidad
- Hoteles y restauración
- Limpieza de pavimentos
- Oficinas
- Desinfección

- Educación
- Obras
- Comercios y áreas comerciales
- Fachadas y cristales
- Comunidades y urbanizaciones
- Garajes y parkings
- Servicios especiales
- Instalaciones deportivas